

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 13/04/2018 14:15:00

SAIDA

4025/18

D. Miguel Angel Delgado González

prensa@pladesemapesga.com

Expediente: T.11.Q/1548/18

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Estimado Sr. Delgado:

Como sabe, foi recibido nesta institución o seu escrito de queixa e deu lugar ao expediente co número arriba indicado.


En relación co exposto no seu escrito de queixa sobre o funcionamento irregular e obstruccionista da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, debemos informarlle que esta institución do Valedor do Pobo, de acordo co artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, que a regula, *poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade* co fin de garantir os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e os dereitos individuais e colectivos sancionados, en especial no título preliminar do Estatuto de Autonomía.

E no suposto que vostede nos traslada, ao parecer aínda non promoveu a actuación da administración competente, neste caso e tras a resolución non consta que se instara a execución da resolución, a través da correspondente reclamación ou denuncia. Por este motivo, o que agora parece máis conveniente é que, pola súa banda, se promova a devandita reclamación, e se nun tempo prudencial a administración afectada non lle respondera, ou se a resposta non fora axeitada, segundo o seu criterio, entón podería acudir novamente a esta Institución, se é o seu desexo, dándonos conta das circunstancias do acontecido que coñeza.

Xa que logo, de conformidade co disposto no artigo 21 da citada Lei do Valedor do Pobo, neste intre non procede a súa admisión a trámite xa que non consta que iniciara diante da Administración competente as xestións necesarias para o recoñecemento dos dereitos que puideran corresponderlle, polo que non nos resulta posible supervisar actuación administrativa algunha, sendo esta a función da institución.

Con esta información procedemos ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa, sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou criterios, tal e como xa tivemos ocasión de sinalar anteriormente.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente.

The image shows a handwritten signature in black ink that reads "Milagros Otero". To the right of the signature is a rectangular official stamp. The stamp contains a logo on the left consisting of five black dots arranged in a cross pattern. To the right of the logo, the text "Valedor do Pobo" is printed in a bold, sans-serif font. Below the main text, there is a smaller line of text that is partially obscured but appears to be "2012".

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo